



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DEZAOITO DE DECEMBRO DE 2019.

17/2019

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u> D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Rebeca Mouriño Neira D^a Ana Paola Mondaca González D^a María Soraya Salorio Porral D^a María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D^a Raquel Bolaño Fariñas D^a María Pardo Fafián D^a Laura Rodríguez Pena D^a María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTEN (CON EXCUSA)</u> D. Francisco Xosé Montouto Pérez D^a Isabel Reimúndez Suárez</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u> D^a. M^a del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>Na Casa do Concello de Sada, sendo as 20:00 horas do día 18 de decembro de 2019, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Óscar Benito Portela Fernández, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, reúnen os srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

1º.- CONTA XERAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2018.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Especial de Contas e de Facenda do 13/12/2019, que sinala:

“/.../

1. *Inadmitir as alegacións presentadas por Argimiro Casco Lago (registro de entrada 8587/2019) en base aos informes contidos no expediente.*
2. *Aprobar a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercizo 2019.*
3. *Renderlle a Conta ao tribunal de Contas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo”.*

Ábrese o debate cunha exposición da Sra. Taibo, concelleira delegada da área de Facenda, Administración Local, Administración Electrónica e Contratación, quen pide o voto da Corporación a favor da proposta.



A Continuación a Sra. Bolaño anuncia que o seu grupo votará a favor porque no seu día aprobaron o orzamento do ano 2018.

Toma a palabra a Sra. Salorio, que mostra desacordo coa xestión e anuncia que o seu grupo vaise a abster en sinal de protesta pola maneira de xestionar o Concello, polos anos sen enviar ao Consello de Contas os datos obrigatorios.

Tamén intervén o Sr. Alcalde, para facer algunhas aclaracións sobre uns recentes asolagamentos.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (5 SM, 1 BNG, 2 AV e 2 PSOE).
- Abstencións: 3 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1.- Inadmitir as alegacións presentadas por Argimiro Casco Lago (registro de entrada 8587/2019) en base aos informes contidos no expediente.

2.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercizo 2019.

3.- Renderlle a Conta ao tribunal de Contas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

2º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2020.

Dáse lectura resumida pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 13/12/2019, que sinala:

“...TEXTO

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, publicadas no boletín oficial da provincia nº 208 do 31 de outubro de 2019, a Comisión Informativa ditamina por dez votos a favor (6 SM, 2 BNG e 2 AV) e 7 abstencións (5 PP e 2 PSOE) a adopción polo Pleno da Corporación do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2020”, “achega provincial 2019” e “préstamo provincial 2020”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Subtotal pago a provedores	0	0	0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0



Subtotal gasto corrente	0
--------------------------------	---

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación de tubaxes de distribución nas rúas Rosalía de Castro e Tumbadoiro (Sada)	99072,05	0	99072,05
Renovación de tubaxes de distribución en Casteliño e Cacharrete (Sada)	95430,97	0	95430,97
Mantemento de fontes e lavadoiros do Concello de Sada	53541,23	0	53541,23
Subtotal investimentos achega provincial 2020	248044,25	0	248044,25

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Dotación dos servizos de auga e saneamento no Camiño de Souto á Pereira, Carnoedo	60419,74	0	60419,74
Subtotal investimentos achega provincial 2019	60419,74	0	60419,74

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Dotación de servizos en Samoedo, entre os núms. 41 e 53	115232,92	4066,35	119299,27
Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás	114568,52	0	114568,52
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	229801,44	4066,35	233867,79

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
--	--	--
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTAIS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0		0
	Achega 2020	0		0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	0		0
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0		0
C- INVERSIONES	Achega 2020	248044,25	0	248044,25
	Achega 2019	60419,74	0	60419,74
	Préstamo 2020	229801,44	4066,35	233867,79
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	0		0
	Achega 2020	248044,25	0	248044,25



TOTAL	Achega 2019	60419,74	0	60419,74
	Préstamo 2020	229801,44	4066,35	233867,79
	TOTAL	538265,43	4066,35	542331,78

2.- Aprobado o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos técnicos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Renovación da Avda. Párroco Villanueva (Sada)	286032,70
Dotación do servizo de distribución de auga na parroquia de Osedo, Sada	136439,98
Substitución de redes principais e as súas acometidas, instalación de novos servizos e pavimentacións en Praciña da Mariña, rúa Oriente e rúa do Sol, en Sada	165966,93
TOTAIS	588439,61

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

Abre o debate o Sr. Fariña, concelleiro delegado do servizo de Obras e Servizos, quen explica a metodoloxía que se seguiu na escolla dos proxectos, baseada nas demandas veciñais e nas recomendacións dos técnicos; remata pedindo o voto favorable dos membros da Corporación.

Intervén a Sra. Bolaño, quen reivindica o papel representativo tamén dos grupos da oposición, a quen di que non tiveron en conta, así como o decisorio dos políticos en xeral; anuncia que se han abster.

Intervén tamén a Sra. García, quen di que por primeira vez todos os proxectos foron contratados externamente e ningún redactado polos técnicos municipais. Recoñece que ven ben que se dote de abastecemento e de saneamento a quen non o ten e que se mellore o deficitario, pero que ven moita renovación e pouca innovación. Sinala que hai expedientes cunha deficitaria xustificación da necesidade e outras particularidades con respecto en concreto do proxecto de Párroco Villanueva. Remata dicindo que hanse abster.

Volve intervir o Sr. Fariña, facendo diversas aclaracións.

Intervén a Sra. Bolaño, que di que houbo falta de diálogo e pide, por alusións, á Sra. García que retire o que dixo referente a ela e a súa compañeira.



Volve intervir a Sra. García para aclarar o comentario da empresa.

O Sr. Alcalde agradece a lealdade co anuncio da abstención e a preocupación pola situación dos asolagamentos que se están a dar.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 SM, 1 BNG, 2 AV).
- Abstencións: 5 (3 PP e 2 PSOE).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0	0	0
Subtotal pago a provedores	0	0	0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	0
Subtotal gasto corrente	0

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Renovación de tubaxes de distribución nas rúas Rosalía de Castro e Tumbadoiro (Sada)	99072,05	0	99072,05
Renovación de tubaxes de distribución en Casteliño e Cacharrete (Sada)	95430,97	0	95430,97
Mantemento de fontes e lavadoiros do Concello de Sada	53541,23	0	53541,23
Subtotal investimentos achega provincial 2020	248044,25	0	248044,25

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento



Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Dotación dos servizos de auga e saneamento no Camiño de Souto á Pereira, Carnoedo	60419,74	0	60419,74
Subtotal investimentos achega provincial 2019	60419,74	0	60419,74

Denominación da obra ou subministración	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Dotación de servizos en Samoedo, entre os núms. 41 e 53	115232,92	4066,35	119299,27
Mellora de instalacións e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás	114568,52	0	114568,52
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	229801,44	4066,35	233867,79

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
--	--	--
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0		0
	Achega 2020	0		0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	0		0
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0		0
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020	248044,25	0	248044,25
	Achega 2019	60419,74	0	60419,74
	Préstamo 2020	229801,44	4066,35	233867,79
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	0		0
TOTAL	Achega 2020	248044,25	0	248044,25
	Achega 2019	60419,74	0	60419,74
	Préstamo 2020	229801,44	4066,35	233867,79



	TOTAL	538265,43	4066,35	542331,78
--	--------------	-----------	---------	-----------

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos técnicos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Renovación da Avda. Párroco Villanueva (Sada)	286032,70
Dotación do servizo de distribución de auga na parroquia de Osedo, Sada	136439,98
Substitución de redes principais e as súas acometidas, instalación de novos servizos e pavimentacións en Praciña da Mariña, rúa Oriente e rúa do Sol, en Sada	165966,93
TOTAIS	588439,61

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 35 minutos do día 18 de decembro de 2019, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visto bo do Alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electrónicamente que se incorpora ao expediente, e ao cal se pode acceder no enlace https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.